

PROGRAMACIÓN
MESTRA DE PEDAGOGÍA
TERAPÉUTICA DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
CPI O CRUCE- CERCEDA
Curso 2023/24

Mónica Catoira Martínez

A inclusión é unha tarefa imprescindible dentro do proceso educativo, debido a que favorece tanto ao propio alumnado con necesidades como aos compañeiros e compañeiras, que desenvolverán unha serie de valores básicos.

Tendo en conta isto a nivel de centro educativo plantexaranse uns obxectivos xerais, así como outros máis concretos e específicos. Principalmente procurase que os alumnos con necesidades sexan individuos autónomos e competentes no seu día a día, pasando posteriormente a outros aspectos máis específicos e que formen parte da súa ampliación e adaptación de contidos, como son as aprendizaxes das materias instrumentais, base á súa vez do resto das materias.

Coñecendo o alumnado escolarizado durante o presente curso educativo 2023/24 neste centro educativo, despois de obter os informes doutros cursos e das avaliacións iniciais, propono a presente programación como mestra de Pedagogía Terapéutica.

OBXECTIVOS

- Promover a inclusión do alumnado con necesidades, respecto ao grupo-clase e tamén a nivel de centro educativo.
- Desenvolver aprendizaxes prácticas funcionais que permitan vivir unha situación o máis normalizada posible, que sexan útiles tanto a nivel escolar como na súa vida cotiá.
- Acadar un axeitado desenvolvemento socio-afectivo do alumnado.
- Desenvolver os procesos psicolóxicos básicos, eixe fundamental para a adquisición dos contidos académicos e curriculares.
- Axudar na adquisición das aprendizaxes marcadas nas súas concrecións curriculares ou concrecións a nivel de aprendizaxe, para axudarlle a superar as mesmas.
- Afianzar a aprendizaxe das materias instrumentais básicas, que lle axuden a superar o resto das materias marcadas no seu currículo.

LEXISLACIÓN

A labor educativa que desenvolva vaise realizar tendo en conta a seguinte lexislación educativa:

- Decreto 120/1998 de 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
-
- Orde do 24 de xullo de 1998 polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
-

- Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia .
-
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
-
- Decreto 156/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
-
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

COMPETENCIAS BÁSICAS

As principais competencias que traballará o alumnado obxecto de apoio serán as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística: Refírense ó emprego da linguaxe como elemento para expresar sentimentos, ideas e emocións tanto a nivel oral como escrito.
- Competencia matemática: Está relacionado con saber empregar ben os coñecementos matemáticos de números, operacións e lóxica, sabendo aplicalos axeitadamente en situacións da vida cotiá.
- Competencia dixital: Tendo en conta o momento que vivimos é moi importante que o alumnado saiba manexarse axeitadamente nas novas tecnoloxías, buscando a información precisa e analizándoa como corresponde.
- Competencia para aprender a aprender: O alumno debe saber manexar os contidos que lle sexan precisos para poder desenvolverlos ó longo da vida, sendo autónomos e sabendo dar posibles solucións ós problemas que poidan atopar.

ALUMNADO

Durante este curso os alumnos que van recibir apoio de Pedagogía Terapéutica serán tanto rapaces que sexan obxecto de Adaptación Curricular como alumnos que requiran reforzo. A continuación se especifican:

- Unha alumna que cursa 2º ESO con necesidades asociadas a retraso madurativo e adaptación curricular na maioría das materias.

- Unha alumna que está a cursar 2º ESO, con adaptación curricular nalgunhas materias e cun atraso escolar debido ao seu absentismo escolar, con apoio na materia de matemáticas.
- Dous grupos de reforzo de lingua castelá de 1º ESO de 8 alumnos.
- Dous grupos de reforzo de lingua galega de 2º da ESO de 13 alumnos.
- Un grupo de Adaptación da Competencia Curricular de 4 alumnos de 1º e 2º da ESO, que recibirán apoio en matemáticas e que saen xunto cunha alumna que ten retraso madurativo de 2º da ESO.
- Unha alumna con necesidades asociadas a integración tardía no sistema educativo español e con retraso madurativo, escolarizada en 6º de Educación Primaria.

METODOLOXÍA

O principio fundamental é o **constructivismo**, de xeito que o alumno acade aprendizaxes que sexan graduadas, partindo do máis sinxelo e próximo ao máis complexo. Para favorecer todo isto teranse en conta os seus coñecementos previos, que son o avance para a súa progresión. As aprendizaxes tentarán ser moi prácticas e relacionadas coa súa vida cotiá, para que poidan aprenderse de xeito máis significativo, xa que de nada serven saberes memorísticos e que non comprendan a súa utilidade.

Isto acadarase polo tanto a través de ensinanzas relevantes e motivadoras, activando a curiosidade do alumno por aprender, axudadas por materiais atractivos e variados dentro dos seus intereses e preferencias.

Ademais empregaranse **reforzadores** que valoren positivamente o seu esforzo e as súas realizacións, animándolle a subsanar os seus erros. Ditos reforzadores consistirán en eloxios persoais, premios,...

Tamén durante este curso adquirirá gran relevancia o emprego de distinto **material** diferente á ficha e que acompañen as tarefas propostas como son paneis, carteis, que acompañen a todo o que se lle está a explicar ao alumno, pictogramas, material plastificado, xogos no computador...de feito que sexan atractivos para o alumnado.

Para a realización das **actividades**, sempre que sexa posible, vanse ter en conta os seguintes **principios**:

- Desenvolver estratexias para aumentar e manter a atención.
- Realizar tarefas concretas, curtas e motivadoras.
- Empregar indicadores que facilitan o recoñecementos das distintas tarefas.
- Ler a actividade a realizar antes de que o alumno se dispoña a facela.
- Introducir actividades individuais complementarias para conseguir os obxectivos comúns do grupo.
 - Introducir actividades específicas para o desenvolvemento de obxectivos ou contidos específicos para o alumno.
- Abandoar progresivamente a axuda para axudar a que o alumno sexa máis autónomo nas actividades.
- Poñer un tempo para realizar as tarefas.

RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

- **Recursos materiais:** Paneis, carteis, material didáctico axeitado ós obxectivos plantexados, cadernos adaptados para traballar as linguas ou matemáticas, material fotocopiado para a aprendizaxe do idioma, material escolar (cadernos, papel, lápices, pegamento, rotuladores, pinturas,...), recursos audiovisuais para complementar o traballado, reloxos para ensinar as horas, dominós, material plastificado, a calculadora, cronómetro...

O computador tamén vai ser un recurso material moi importante, co cal o alumnado realizará actividades en diferentes plataformas educativas.

- **Recursos persoais:** orientador, equipo docente, titores, profesores da materia correspondente, familia.

- **Recursos organizativos:** A intervención co alumnado desenvolverase na aula de PT ou na aula ordinaria dependendo da actividade a realizar, traballando contidos máis concretos na aula específica.

O apoio farase tendo en conta os informes previos (informe dos especialistas de apoio, informes previos coas familias, informes do departamento...) distribuindo deste modo as horas para cada alumno.

AVALIACIÓN

- **Avaliación inicial:** A principios de curso debe recollerse a máxima información do alumnado, recurrido para iso ós informes psicopedagóxicos, expedientes académicos, informes finais do curso académico anterior, entrevistas cos titores e cos profesores, entrevista coa familia e as probas pertinentes ó alumno.
- **Avaliación continua e formativa:** A avaliación debe concebirse como un proceso de investigación e mellora. Debemos considerar en todo momento os progresos e posibles dificultades que poida ter cada alumno/a en relación co logro dos obxectivos, así como os factores que poidan contribuir ou dificultar o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de reaxustar a nosa intervención educativa.
- **Avaliación sumativa / final:** Análise dos distintos rexistros individuais que determinarán o progreso do alumno/a tendo en conta os obxectivos iniciais plantexados.

No caso de alumnado con Adaptacións Curriculares as aprendizaxes obtidas serán en base ós obxectivos iniciais plantexados nas mesmas.

As principais técnicas e instrumentos de avaliación son: a observación directa, as reunións cos titores e profesores para determinar o grao de transferencia ou xeralización das aprendizaxes, a participación na aula e o traballo realizado.

